

LÉXICO DAS FESTAS

1. Identifica, cos seus números, os nomes dos diferentes elementos desta festa ou romaría popular.



santo →

carrusel →

grilandas →

capela →

polbeira →

procesión →

rosquilleira →

caseta de tiro →

fogueteiro →

romeiro →

gaiteiro →

andas →

baile →

foguete →

banda de música →

exvoto →

palco →

crego →

campo da festa →

nora → ...

2. Fai corresponder estas palabras con cadanseu significado.

enxoval - esponsais - Coresma - choqueiro - partillas - xaneiras

- Cantigas populares propias do Aninovo. →
- Promesa de matrimonio feita entre futuros esposos. →
- Individuo disfrazado de forma descoidada, con calquera roupa e con careta. →
- Conxunto de pezas de roupa e mobles que os noivos levan ao matrimonio. →
- Período de corenta e seis días que vai do mércores de Cinsa ata o día de Pascua. →
- Parte da herdanza que lle corresponde a cada un dos herdeiros. →
- No Enterro da Sardiña, xusto cando comeza a _____, a min gústame ir de:
- Onte reuníronse os meus tíos con todos os seus fillos para facer as:
- O que máis me gusta do Nadal é escoitar como cantan as _____ a xente da vila.
- Xa están feitos os _____, así que cómpre ir preparando o teu _____ para a voda.